

INFORMACIÓN INICIAL PROXECTO COMPETENCIAL CURSO 2025/2026.

PROFES: María Vidal e Montse R. Paz

QUE IMOS FACER HOXE?

- Verificar que a nosa lista está ben
- Formar grupos de traballo. Este curso, cada trimestre debes cambiar de grupo.

TEMAS DOS PROXECTOS: O ASOCIACIONISMO NO VAL MIÑOR

INTRODUCCIÓN:

Sabedes que é unha ONG? Unha asociación? Que é un cooperante?

Coñeces algunha ONG ou asociación que se ocupe dos demais?

QUE IMOS FACER:

- Iremos traballar sobre e con as asociacións e ONG do Val Miñor. Cada trimestre escolleremos unha tipoloxía de asociación. Prepararemos unha actividade que desenvolveremos con unha asociación ou ONG concreta.
- Por avaliacións:
 - o 1ª Avaliación: Unha residencia de maiores. Desenvolveremos o proxecto Aracne e traballaremos cos Polos Creativos creando a nosa colección de xoias para facer o mercado de Nadal.
 - o 2ª Avaliación: Colexio Juan María e coles da contorna. Faremos contacontos e actividades similares.
 - o 3ª Avaliación: Colaboración coa Illa de Tali e limpeza de praias.

TAREFAS A DESENVOLVER AGORA:

- 1.- Darvos de alta na Aula Virtual para o próximo día de clase.
- 2.- Preparar a portada da carpeta de grupo (este curso non haberá individual). Cada trimestre, ao cambiar de grupo, faredes unha nova portada.
- 3.- Manteremos os diarios mensuais. Neles debes redactar as tarefas desenvolvidas e a valoración do traballo e a organización do traballo e participación do grupo de traballo.

CRITERIOS AVALIACIÓN QUE TIÑAMOS O CURSO PASADO (Podemos modificalos)

- 1.- Cada avaliación terá un peso propio: 1ª Avaliación 20% do total da nota; 2ª Avaliación 30% do total da nota e 3ª Avaliación 50% do total da nota.
- 2.- Cada avaliación será avaliada entre 1 e 10.
- 3.- Cada sesión de clase porase unha nota, que reflicta o traballo realizado por cada alumno e alumna nesa sesión e as súas achegas ao diario persoal que tedes no FORO. A nota será de CERO ou UN (traballo ou non traballa). Suporán o 40% da nota de cada trimestre

4.- Cada traballo realizado individualmente, por parellas ou grupos será avaliado entre 1 e 10. Suporán o 60% do total da nota de cada trimestre.

5.- Non haberá recuperación das avaliacións, será avaliación continua. En xuño, de non superar a materia, deberedes realizar un traballo de recuperación sobre o TEMA do proxecto.

6.- O alumnado coa materia pendente de PROXECTO COMPETENCIAL recuperará a materia de aprobar por avaliacións a mesma materia do curso actual. De non superalo, farase un traballo persoal entre maio e xuño para a súa recuperación.